



O camiño desenvólvese entre o núcleo rural de Marraxón e a Central Eléctrica da Fervenza. Trátase dunha senda peonil diferenciada en tres tramos.

- O **primeiro**, cunha largura de 3m. e unha lonxitude de 550 m. parte de Marraxón até a canle de auga de servizo á central.
- O **segundo**, de 800 m. de lonxitude e 1 m. de largura, descende pola ladeira do monte até o río Belelle xunto ás instalacións da central eléctrica.
- O **terceiro**, de 200 m. enlaza a central co pé da fervenza a carón das augas do río.



www.fenecidadan.net

PRODER II



camino de
marraxón
a fervenza



camiño de
marraxón
a ferverza

O camiñante viaxa a través dunha singular paraxe natural, partindo do alto do monte Marraxón, dende o que pode observar a paisaxe singular da comarca antes de iniciar o descenso cara o río. Durante o traxecto acompañanos o murmuro da ferverza que se esconde tras o manto arbóreo até chegar ó lugar onde atopamos un antigo merendeiro restaurado. E alí, tras o manto vexetal, aparece ante os nosos ollos a visión da espectacular caída das augas do Bellele.



Ulex europaeus
toxo



Calluna vulgaris
breixo



Laurus nobilis
loureiro



Quercus robur
carballo



Polystichum lobatum
fento



Corylus avellana
abeleira



Umbiculus rupestris
couselo

